



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE “Manuel López Navalón”
CENTRO DE RECURSOS
Lugar das Casas do Rego, 20
15898 Santiago de Compostela
Tif./Fax 981562977/981 580983



FONDO SOCIAL EUROPEO
“O FSE inviste no teu futuro”

PROXECTO LINGÜÍSTICO

C.E.E. “Manuel López Navalón”
SANTIAGO DE COMPOSTELA

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA



INDICE

1. ANÁLISE DO CONTEXTO EDUCATIVO.

- .Descripción do Centro.
- .Referencia ó contexto sociolingüístico.

2. OBXETIVOS:

- .Obxetivo xeral.
- .Obxetivos específicos recollidos na PXA.

3. MEDIDAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXETIVOS.

DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES.

- .Actividades que se realizan dende os ciclos.
- .Actividades previstas.
- .Actividades plurianuais.



ANÁLISE DO CONTEXTO EDUCATIVO

1.1.DESCRIPCIÓN DO CENTRO:

Nome do centro: C.E.E. “Manuel López Navalón”

Titularidade pública.

Enderezo: Lugar das Casas do Rego, 20 15898

Santiago de Compostela.

Teléfono: 981572779

Fax: 981562977

e-mail: cee.xordos@edu.xunta.es

O centro acolle no curso actual a 84 [alumn@s](#) a tempo completo. Consta de 11 unidades, Centro de Recursos e Internado.

7 unidades de P.C.P.I.: 5 en modalidade B, e 2 en modalidade C-mixta.

2 unidades da E.S.O, una delas con [alumn@s](#) xordos.

1 unidade de Formación Profesional Básica.

1 unidade de Educación Primaria.

1 unidade de Formación Profesional Complementaria

Centro de Recursos. Funciona de luns a xoves en horario de tarde, preveése que neste curso preste atención específica en problemas de linguaxe a 30 [nen@s](#) aproximadamente.

No internado hai na actualidade 10 [nen@s](#), aínda que ten capacidade para 36 [alumn@s](#) teóricos



Dotación de profesorado: consta cunha plantilla docente de 22 profesor@s.

Persoal non docente: 19 persoas que se reparten do seguinte xeito: 4 persoas en cociña, 5 en servizo de lavandería e limpeza, 1 en mantemento, 2 en conserxería, 6 en atención directa ao alumnado (coidadores e educador) e unha en administración.

A poboación do concello de Santiago estímase en preto de 100.000 habitantes, a maioría reside no núcleo urbano.

No colexio impártese ensino ós escolares da zona urbana e algúns procedentes dos concellos limítrofes a Santiago (Ames, Teo, Brión, Touro...).

Nos últimos anos incrementouse o número de alumnos inmigrantes. A procedencia é basicamente de orixe marroquí e sudamericana.

En canto a extracción social do alumnado defínese como.

.nivel alto, medio alto 10%.

.nivel medio 60%.

.nivel baixo, medio baixo 30 %.

En canto ós espazos:

Consta con una aula de E.P., dúas para E.S.O., una para F.P.C. 4 para P.C.P.I, un laboratorio habilitado para a área científico-tecnolóxica dos P.C.P.I, talleres de carpintaría, restauración, cultivos, cerámica e moda; despachos para o Centro de Recursos, dependencias administrativas, pavillón cuberto, ximnasio, comedor, cociña, internado...

1.2.REFERENCIAS Ó CONTEXTO

SOCIOLINGÜÍSTICO:

A lingua galega está presente en toda a documentación administrativa do centro, rotulados e comunicación ás familias.



É tamén a lingua vehicular nas reunión de órganos colexiados e todo tipo de reunión da comunidade educativa.

A lingua empregada polos alumnos no contexto educativo é basicamente o galego e a lingua de signos no caso dos alumn@s xord@s.

A lingua de aprendizaxe é o galego. Os materiais empregados nas aulas están en galego.

Tódalas áreas agás inglés e lingua castelá son impartidas en galego.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Está formado por cinco persoas, estando representados todas as etapas educativas do centro.

Establécese un calendario de reunión mensual coincidindo co 2º luns de cada mes. A maiores celébranse reunión cando se estime preciso.

O ENDL traballa en colaboración con outros equipos, especialmente EACE e o Equipo de Biblioteca.

Ten asignada una partida económica dentro dos presupostos do centro.

Para a visibilidade das actuacións contará cun espazo informativo no cortizo da entrada ó centro.

Difundiránse as actividades de dinamización lingüística a través da páxina web do colexio (<http://www.ceexordos.org>)

SITUACIÓN DO PSC E DO PLC

O centro non conta cunha análise da situación lingüística da comunidade educativa, levarase a cabo ó longo deste curso.

Impártense todas as ensinanzas en galego agás en lingua castelá e inglés, ademais da lingua de signos empregada cos alumnos xordos.

Non obstante, tendo en conta as particulares características do alumnado de educación especial, atenderase sempre á potenciación da forma de comunicación primaria en cada caso, ben sexa a través da oraliade ou de SAAC.



2.OBXETIVOS:

Coa situación exposta nesta introducción consideramos que no noso centro se ten acaado totalmente una situación de “normalización” respecto a lingua galega, polo que os obxetivos actualmente van enfocados cara a manter a ambientalidade lingüística favorable, plantexando actividades de dinamización do galego entre a comunidade escolar.

OBXETIVOS DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CURSO 2008-2009.

Os obxetivos recollidos na PXA , pendientes de aprobar polo claustro e o Consello Escolar para o presente curso son os seguintes:

1. Elaborar o PSC.

Actividades. Recollida, clasificación da información obtida, sobre o uso do galego en toda a comunidade educativa.

Temporalización. Todo o curso.

Responsables. Comisión formada por ENDL, Equipo Directivo, e outras persoas que posúan experiencia para esta labor.

2.Contactar con asociacións culturais da localidade para fomentar actividades de coñecemento do patrimonio cultural da zona e actuacións medioambientais:

Actividades:Investigación sobre o patrimonio cultural do entorno. Visitas ó mesmo.

Dirixido ó alumnado e profesorado.

Temporalización: todo o curso.

3.Organizar una semana micolóxica no centro:

Actividades: contactar con alguna agrupación que nos de una charla sobre cogumelos. Saída á Granxa do Xesto ara recoller cogumelos.Exposición dos cogumelos recollidos.

Dirixido . alumnado e profesorado do centro.



Temporalización.: mes de novembro.

Responsables: ENDL, EACE.

4.Organizar a Semana das Letras Galegas en colaboración co Equipo de Biblioteca e EACE.

Actividades:Organización de visitas de autors, teatro, conferencias, exposicións...

Dirixido a toda a comunidade educativa.

Temporalización: 2º e 3º trimestre.

5.Coordinar a edición da revista escolar.

Actividades: Edición da revista escolar

Dirixido a : toda a comunidade educativa.

Temporalización: todo o curso.

Responsables: ENDL.

6.Colaborar co proxecto “Prensa na escola” na elaboración dalgún artigo ou carteis que fomenten o uso dos xornais.

Actividades: Redactar pautas para traballar na lectura da prensa na aula e difundilas entre o alumnado e o profesorado.

Temporalización: todo o curso.

Responsables: ENDL , profesores do ámbito lingüístico do centro e coordinadora do devandito proxecto.

7.Fomentar o uso das TIC, para as aprendizaxes em lingua galega.

Actividades: Difundir entre os profesor@s e alumn@s material informático en galego, páxinas web de interese, etc...

Dirixido a: Todo o profesorado e alumnado do centro.

Temporalización:Todo o curso.

Responsables:ENDL e Equipo de Biblioteca.



8. Colaborar co Equipo de Biblioteca no inventario de material de NL, para a súa xestión a través do programa MEIGA.

Actividades: inventariar o material de NL a través do MEIGA.

Dirixido. Todo o alumnado e profesorado.

Temporalización: todo o curso.

Responsables. ENDL, Equipo de Biblioteca.

MEDIDAS QUE SE REALIZAN DENDE OS DIFERENTES CICLOS E O CENTRO.

. Elaboración de murais en galego.

. Celebracións especiais: n son tamén os Equipos de Ciclo xunto con EACE os encargados da súa preparación:

SAMAÍN: Carteis con lendas e concurso de cabzas.

MAGOSTO: Asado de castañas e xogos tradicionais.

NADAL: Actividades para o alumnado e as familias promovidas polo ENDL em colaboración co EACE e o Equipo de Biblioteca.

DÍA DA PAZ E ENTROIDO.

FESTA DE FIN DE CURSO.

. Instalación nos ordenadores o traductor castalán-galego ES-G1.

ACTIVIDADES PREVISTAS E PLURIANUAIS:

. Colaboraremos con outros centros educativos do concello en organización e intercambio de actividades.

. Colaborar co Concello de Santiago.

. Colaborar coa Biblioteca “Anxel Casal” asistindo as actividades que se realicen.

. Colaboración con “Prensa na Escola “ na elaboración de traballos que promovan o uso da lectura da prensa na aula.



. Comenzar o inventario a través do MEIGA dos materiais de Normalización Lingüística existentes e os de nova adquisición.

. Promover a lectura de xornais dixitais en galego. Coincidindo coa semana da prensa difundiremos entre o profesorado os enderezos dalgúns xornais dixitais como www.vieiros.com, para que os alumnos se familiaricen coa prensa en galego.

. Manter informado ó profesorado sobre dirección web de interese que estean en galego e teñan relación co coñecemento e divulgación da cultura galega, xogos populares... así como información relevante extraída do Boletín semanal do observatorio de Lingua Galega.

. Semana das Letras Galegas: A organización corre a cargo de ENDL en colaboración co EACE e E: Biblioteca.

Ven sendo habitual no colexio celebrar dun xeito especial a semana das letras galegas organizando actividades en forma de obradoiros, charlas, contacontos e actividades específicas de difusión da cultura galega.

O ENDL preparará unidades didácticas para dar a coñecer @ escritor/a e a súa obra, buscarán información en internet e na bibliografía disponible, elaborarán murais, visionado de videos, etc...

Contaremos coa presenza dalgún ilustrador ou escritor en lingua galega (aínda por determinar).

“Contacontos” por parte do profesorado e de país /nais ou outros membros da comunidade educativa.

. Elaboración da revista escolar: é una actividade de carácter plurianual, coa finalidade de ser un medio que contribúise a normalización da lingua, así como una vía de expresión da creatividade do alumnado . Forma parte do proxecto de normalización e dinamización lingüística e publícase íntegramente en galego. Nela colabora todo o alumnado, tamén está aberta a colaboración dos país/nais e os diferentes Equipos do centro.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEE “Manuel López Navalón”
CENTRO DE RECURSOS
Lugar das Casas do Rego, 20
15898 Santiago de Compostela
Tif./Fax 981562977/981 580983



FONDO SOCIAL EUROPEO
“O FSE inviste no teu futuro”